

PROGRAMA CONECTA PEME 2018

Axudas do programa Conecta Peme destinadas a fomentar a cooperación público-privada a través de proxectos de I+D en cooperación entre pemes e os demais axentes do Sistema Rexional de Innovación, a través de apoio a proxectos de investigación e innovación orientados ao mercado e aliñados cos retos e prioridades identificados na RIS3 para Galicia, cofinanciados polo FEDER no marco do Programa Operativo FEDER-Galicia 2014-2020.

- Data de publicación das bases reguladoras e convocatoria:

DOG: 08 febreiro 2018.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180208/AnuncioG0198-250118-0001_gl.html

- Prazo de solicitude:

Do 09 de febreiro de 2018 ao **08 de marzo de 2018**.

- Prazo de duración do procedemento de concesión:

Non será superior a cinco meses.

- Orzamento financiable **mínimo** dos proxectos:

500.000 € (mínimo 75.000 €/socio) e máximo de 1.500.000 euros. En ningún caso a participación dunha única empresa (ou grupo de empresas vinculadas ou asociadas) superará o 65 % do orzamento subvencionable total do proxecto.

- **Duración máxima** dos proxectos:

Ata o 30 de setembro de 2020. A data de inicio das actividades destes proxectos deberá ser posterior á data de presentación da solicitude de axuda. A duración mínima da actividade será de dúas anualidades.

- **Tipo de axuda:**

As axudas da presente convocatoria fináncianse no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, que ten unha taxa de cofinanciamento do 80 %, computándose como investimento privado elixible dos beneficiarios o 20 % restante.

- **Tipo de proxectos:**

Son actividades subvencionables a **Investigación industrial, o Desenvolvemento experimental, a Innovación en materia de organización e a Innovación en materia de procesos.**

Só se financiarán aquelas actividades do proxecto que se desenvolvan no ámbito xeográfico da **Comunidade Autónoma de Galicia**. Todos os membros da agrupación deberán levar a cabo as súas actividades en Galicia, de xeito que deberán ter na Comunidade o seu domicilio social ou algún centro de traballo onde realicen as actividades susceptibles de obter a axuda.

- **Beneficiarios:**

Agrupacións de empresas que realicen proxectos de I+D+i en colaboración e que deberán estar constituídas, como mínimo, por **tres empresas** independentes entre si. O número **máximo** de empresas será de **seis**. Na agrupación poderá participar só unha grande empresa. Unha das empresas da agrupación actuará como coordinadora ou representante do proxecto. As empresas poderán ser pequenas, medianas ou grandes. No caso de que na agrupación non exista ningunha pequena empresa, e sexan, polo tanto, todas medianas, será necesario que, como mínimo, unha pequena sexa

subcontratada por calquera das empresas da agrupación para desenvolver tarefas/actividades de I+D+i dentro do proxecto.

- Participación de organismos de investigación:

A participación de universidades, organismos de investigación, centros hospitalarios, centros tecnolóxicos radicados en Galicia ou organismos científicos con recoñecemento internacional será considerada e recoñecida nos criterios de valoración na fase de avaliación de cada proxecto que reúna os requisitos exixidos nesta convocatoria.

- Custos subvencionables:

A).- Custos directos

Custos de **persoal**, cando estean exclusivamente dedicados ao proxecto.

O número de investigadores no cadro de persoal asignado ao proxecto non poderá superar o máximo de 5 traballadores para proxectos cun custo subvencionable de entre 500.000 e 1.000.000 de euros, e o máximo de 6 traballadores para proxectos cun custo subvencionable de entre 1.000.000 e 1.500.000 euros. Para cada empresa, o custo de persoal propio será como máximo o 75 % do custo subvencionable.

Serán subvencionables custos de persoal directivo e xerencial cunha dedicación máxima anual do 70% ao proxecto.

Custos de **equipamento e instrumental** de nova adquisición.

Se o equipamento e material se dedica exclusivamente á actuación subvencionada e a súa vida útil se esgota ao termo do período de execución, será subvencionable o custo de adquisición. Deberá xustificarse na memoria do proxecto a vida útil do equipamento ou material.

Se o equipamento e material non se utiliza exclusivamente para o proxecto, por exceder a súa vida útil, só serán subvencionables os custos de amortización que correspondan á duración do proxecto.

As licenzas e renovacións de licenzas de software atópanse dentro da categoría de material inventariable e considéranse gastos subvencionables se son de uso específico para o proxecto e non de uso xeral.

Custos de Materiais, subministracións e produtos similares.

Poderanse imputar os gastos de materiais directamente destinados ás actividades de investigación. Para estes efectos, deberán recollese de forma detallada e concisa no punto correspondente do impreso da solicitude.

Custos de Adquisición de patentes.

As patentes deberán ser adquiridas ou obtidas por licenza de fontes externas á agrupación.

Custos de Servizos tecnolóxicos externos.

Actividades distintas á investigación prestadas por terceiros de forma puntual, tales como análises e ensaios de laboratorio, enxeñaría para a montaxe e operación, estudos e actividades complementarias, consultorías, asistencia técnica e servizos equivalentes.

Custos de Subcontratacións.

Actuacións contratadas a terceiros que supoñan a execución dunha parte da actividade investigadora que constitúe o obxecto da subvención.

As beneficiarias das axudas poderán subcontratar como máximo ata o 50 % do importe da actividade subvencionada.

Será obrigatoria a subscrición dun contrato entre a beneficiaria e a entidade subcontratista, e deberá recoller, como mínimo, os seguintes aspectos: obxectivos do contrato, descrición das actividades, data inicio e duración total, identificación dos investigadores participantes, orzamento total e desagregación por anualidades, así como o acordo sobre a propiedade dos resultados.

B).- Custos indirectos

O custo imputable por este concepto será o importe resultante de aplicar unha porcentaxe de ata o 10 % aos custos de persoal imputados ás actividades de investigación do proxecto.

- Intensidade das axudas:

A subvención máxima que pode ser concedida a un proxecto establécese segundo os límites de intensidade previstos nos artigos 25 e 29 do Regulamento (UE) n.º 651/2014, de acordo coa seguinte táboa:

	Pequena empresa	Mediana empresa	Grande empresa
Investigación industrial con colaboración efectiva entre empresas	80 %	75 %	65 %
Desenvolvemento experimental con colaboración efectiva entre empresas	60 %	50 %	40 %
Innovación en materia de procesos e organización	50 %	50 %	15 %

- Criterios de valoración (puntuación máxima de 100 puntos):

1.º Excelencia científico-técnica do proxecto: ata 25 puntos

2.º Adecuación económico-financeira da agrupación ao desenvolvemento do proxecto: ata 7 puntos.

3.º Avaliación da agrupación do proxecto: 22 puntos.

Colaboración con universidades, organismos de investigación, centros hospitalarios, centros tecnolóxicos radicados en Galicia ou con organismos científicos con recoñecemento internacional.

4.º Mercado potencial dos resultados do proxecto: 20 puntos.

5.º Capacidade de internacionalización dos resultados do proxecto: 6 puntos.

6.º Impacto socio-económico do proxecto: 20 puntos.

Outros aspectos: ata 4 puntos

- Igualdade de xénero: 2 puntos.

- Implicacións ambientais do proxecto: 2 puntos.

- Contratos suscritos con organismos de investigación:

O contrato que se subscriba entre o beneficiario e o organismo de investigación debe recoller, polo menos, os seguintes puntos: obxectivos do contrato, data de inicio e duración total, orzamento total e desagregación por anualidades e acordo sobre a propiedade dos resultados. Debe contar cun anexo que coa descrición das actividades a realizar polo organismo de investigación, identificando os investigadores principais e a desagregación do orzamento (equipos, persoal, material e outros custos) e horas de dedicación do persoal investigador.

Os contratos deberán seguir o regulamento para a contratación de servizos científicos, técnicos, artísticos ou docentes (artigo 83 da LOU) do 19 de xullo de 2012 da UDC.

Para elaborar este documento, **CONTACTAR COA OTRI** (otri.contratos@udc.es).

- Presentación das solicitudes:

Realizarase unicamente por **medios electrónicos** a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal/>

- Mais información:

- Web da Axencia Galega de innovación (GAIN):

<http://gain.xunta.gal/artigos/299/conecta+peme+2018>

- Teléfonos: 881 99 91 59, 981 95 70 11, 981 95 73 03

- Enderezo electrónico: axudas.gain@xunta.gal